



- Publicación BOP aprobación definitiva.
- Publicación BOP aprobación inicial.
- Certificado acuerdo Pleno.
- Dictame Comisión.
- Proposta modificación Orzamento da Deputación.



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. AUGAS DE GALICIA

##### Anuncio

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 26 de xuño de 2014 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgóuselle a Luísa Calvo López, a Jorge Calvo López e a David Calvo López unha concesión de 145 m<sup>3</sup> anuais de auga procedente dun manancial situado en Canto do Muro, na parroquia de Río Barba, no concello do Vicedo (Lugo), con destino a rega.

Número Expte.: DH.A27.05806

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2014.- A xefa do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa do Dominio Público Hidráulico, María Luísa Boquete Pumar

R. 3010

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SECCIÓN DE ACTAS

##### Anuncio

Aprobado definitivamente o Expediente de Modificación do Orzamento da Deputación do 2014, vía suplemento de crédito, en cumprimento do disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, fanse públicos os seguintes resúmenes:

#### Estado de GASTOS

##### Capítulo

Capítulo	Consignación actual	Modificación	Consignación final
I. GASTOS PERSONAL	23.411.652,53		23.411.652,53
II. GTOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	21.608.285,02		21.608.285,02
III. GTOS. FINANCEIROS	337.063,22		337.063,22
IV. TRANS.CORRENTES	20.354.418,89		20.354.418,89
VI. INVESTIMENTOS REAIS	39.427.089,99	3.816.886,78	43.243.976,77
VII. TRANS.CAPITAL	10.608.974,53		10.608.974,53
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00		300.000,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	7.884.120,54	2.378.867,86	10.262.988,40
<b>TOTAL</b>	<b>123.931.604,72</b>	<b>6.195.754,64</b>	<b>130.127.359,36</b>

## Estado de INGRESOS

Capítulo	Previsión actual	Modificación	Previsión final
1. IMPOSTOS DIRECTOS	5.076.617,72		5.076.617,72
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	3.761.697,24		3.761.697,24
3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR.	6.503.226,00		6.503.226,00
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	67.283.204,73		67.283.204,73
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	785.000,00		785.000,00
6. ALLEAMENTO DE INVER. REAIS	20.000,00		20.000,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	12.550.860,30		12.550.860,30
8. ACTIVOS FINANCEIROS	27.950.998,73	6.195.754,64	34.146.753,37
9. PASIVOS FINANCEIROS	0,00		0,00
<b>TOTAL</b>	<b>123.931.604,72</b>	<b>6.195.754,64</b>	<b>130.127.359,36</b>

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, catro de agosto de dous mil catorce.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro. O SECRETARIO EN FUNCIONS, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 3081

## SERVIZO DE CULTURA, TURISMO, ENSINO, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PATRIMONIO HISTÓRICO

### Anuncio

De acordo co artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións dáse publicidade á concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas para a realización de actividades de interese cultural, gastos correntes das actividades culturais realizadas por concellos e as subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados polos concellos da provincia de Lugo, na anualidade 2014, segundo o acordo da Xunta de Goberno da Excm. Deputación de Lugo, na sesión celebrada o día 01 de agosto de 2014

### ENTIDADES PARA REALIZAR ACTIVIDADES DE CARÁCTER ANUAL 2014

Nº REX	NOME ENTIDADE	C.I.F.	NOME ACTIVIDADE	Definitiva	CONCELLO
9466	ASOC CULTURAL OS XOGRARES DE LEMOS (EN CONSTITUCION)	G27450980	ATURUXANDO EN LEMOS 2014	600	MONFORTE
9783	XUNTA DE MICOLOGOS OS LACTOUROS	G27043710	XORNADAS MICOÑOXICAS E VIAXES CULTURAIS	600	MONFORTE
9795	ASOC. AMIGOS DO PATRIMONIO DE CASTROVERDE	G27329226	PROGRAMACION CULTURAL 2014	1.900,00	LUGO
9861	ASOC AXUDA O ENFERMO MENTAL A MARIÑA	G27262799	AULA DE CULTURA	800	BURELA
9962	AIRIÑOS DE ORBAZAI	G27433879	CURSO DE FORMACION DISDACTICA DE GAITA, PERCUSION E BAILE TRADICIONAL	1.400,00	LUGO
10024	BANDA FILARMONICA DE LUGO	G27454875	ORGANIZACION DE CONCERTOS	350	LUGO
10126	ASOC DEPORTIVA CULTURAL PENALBA CILLERO	G27020890	30 ANOS DE PENALBA	1.200,00	VIVEIRO
10206	AC AXOXERE DE ROUPAR	G27370345	CURSO DE GAITA E PERCUSION	600	XERMADE
10372	ASOC PARA A DEFENSA ECOLOXICA DE GALIZA	G15044811	EDICION REVISTA CERNA E REPOSICION DE CONTIDOS HISTORICOS	900	LUGO
10440	INSTITUCION GALEGA DE CIENCIA	G27370741	ANO GALEGO DA CIENCIA E REVISTA LABERINTO	800	LUGO
10542	ASOC AMIGOS DA GAITA GALEGA	G27014406	DÍA DA GAITA E ROMERIA DE SANTA CRUZ	500	RIBADEO
10544	ASOC. DE XUBILADOS DE TABOADA	G27223759	PROGRAMACION CULTURAL 2014	700	TABOADA
10673	A C OS XARDOIS	G27383660	RECUPERACION DE BAILE E MUSICA TRADICIONAL	1.500,00	CERVANTES
10678	ASOC DE PROMOCION E INTEGRACION GITANA DE LUGO	G27017987	A POBOACION XITANA DENTRO DA PROVINCIA DE LUGO	800	LUGO



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SECCIÓN DE ACTAS

##### *Anuncio*

Aprobada polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de xuño de dous mil catorce, a modificación do Orzamento da Deputación 2014, vía suplemento de crédito, expónse ao público na Secretaría desta Entidade Provincial, por espazo de 15 días, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións ó mesmo. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobado

Lugo, un de xullo de dous mil catorce.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro. **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2619

### SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

##### *Anuncio*

**ASUNTO:** Procedemento de concorrencia para seleccionar unha entidade de custodia do territorio.

I-A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o 13 de xuño de 2014, aprobou o prego de condicións para o establecemento dun acordo de custodia do territorio, nas fincas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, situadas nas Insuas do Miño e Ollos de Begonte.

II-As entidades interesadas en participar no procedemento instruído para seleccionar unha entidade de custodia do territorio para devanditas fincas, deberán presentar solicitude no prazo de dez días hábiles contados dende a data de publicación dese anuncio no BOP, acompañadas de oferta económica e técnica, segundo os modelos anexados ao prego de condicións.

III-O prego de condicións establece, entre outros, os requisitos das entidades que poden participar no acordo de custodia, a documentación a presentar e a forma de presentación, os criterios de selección, así como o contido do acordo de custodia.

IV-O prego de condicións, xunto con referencia catastral das fincas nas que se desenvolverá o acordo de custodia do territorio publícase na páxina web da Deputación Provincial, menú perfil do contratante, o que se fai público para xeral coñecemento.

LUGO, 24 de xuño de 2014.- **O SECRETARIO XERAL**, José Antonio Mourelle Cillero

R. 2604

### CONCELLOS

#### BURELA

##### *Anuncio*

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 24 de xuño de 2014, o Padrón do servizo de Axuda no Fogar de (libre concorrencia e dependentes), do mes de maio de 2014, que no seu importe total ascende á suma de 4.472€.



**DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO**, Secretario Xeral desta  
Excma. Deputación Provincial de Lugo,

**C E R T I F I C O:** Que o Pleno desta Excma. Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de xuño de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**PROPOSTA SOBRE O DESTINO DO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO 2013, E MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DESTA DEPUTACIÓN 2014, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO.**

Visto o ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, que di o seguinte:

“Dáse lectura á proposta da Presidencia, do teor literal seguinte:

“Vistos os informes de Intervención de 13 e 16 de xuño sobre a aplicación do superávit orzamentario 2013 e a modificación orzamentaria necesaria para dar cobertura, tanto a amortización anticipada polo importe de 2.378.867,86 €, como ao cambio de financiamento dos proxectos considerados investimentos financeiramente sostibles incluídos no orzamento 2014 polo importe de 3.816.886,78 €, todo iso para poder aplicar as esixencias legais reflectidas no artigo 32 e disposición adicional sexta da LOE e disposición adicional decimo sexta do TRLRFL, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta e demais documentos que figuran no expediente, proponse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1) Destinar o superávit orzamentario 2013 de 12.468.725,44 € a reducir o endebedamento neto en 2.378.867,86 € e a financiar os investimentos considerados financeiramente sostibles polo importe de 10.089.857,58 €, co seguinte detalle:

- "2ª fase de execución do Centro de Recría na Granxa Gaioso Castro", polo importe de 4.221.392,23 €, dos cales 2.639.889,48 € están incorporados ao orzamento 2014.

- "Acondicionamento de edificio para sede do Centro Asociado da UNED", polo importe de 1.591.915,32 €, estando incorporados ao orzamento 2014 na súa totalidade.

- "Proxecto modificado del de Carrizal-Moncelos. (P.K. 0,000-4,000)" polo importe de 645.669,64 €, estando incorporado ao orzamento 2014 na súa totalidade.

- "Proxecto modificado nº1 Marco de Álvare-As Rodrigas, PK 0,000-5,800. Terminación", polo importe de 515.290,58 €, estando incorporado ao orzamento 2014 na súa totalidade.

- "Terminación enlace LU-P-3003 con LU 640 en PK 55", polo importe de 45.927,53 €, estando incorporado ao orzamento 2014 na súa totalidade.

- "Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos. Rede viaria provincial 2013: As Nogais-Torés-Armesto Fase 1, e Acondicionamento e afirmado da LU-P-2703, de A Pobra de San Xiao a Carracedo", polo importe de 834.278,25 €, estando incorporados ao orzamento 2014 na súa totalidade.

- "Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos. Rede viaria provincial 2014: As Nogais-Torés-Armesto. Afirmado, e Afirmado de las LU-P-4606 de Rioxoán, por Boel, Chao de Pousadoiro y Carballido, a Asturias, P.K. 11,000 al 13,500 y LU-P-5401 de Boel, por Martín, a la Cª de Meira a Cádavo, en Muiña, P.K. 0,000 al 0,650", polo importe de 822.453,95 €.

- Anualidade 2014 de "Obras de conservación ordinaria da Rede Viaria Provincial nas Zonas 1 a 8" polo importe de 1.412.930,08 €.



2) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito co seguinte detalle:

**Suplemento de Crédito:**

Aplicación Orzamentaria	Denominación	Importes
0110.913	Débeda Pública, Amort. de prést. a longo prazo de entes de fora do sector público	2.378.867,86 €
4120.622	Granxa Provincial "Gayoso Castro", Investimento novo en Edificios e outras construcións	1.581.502,75 €
4530.619	Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral	1.412.930,08 €
4531.65000	Plan de Obras e Servizos, Plan de Obras e Servizos (P.O.S. 2014)	822.453,95 €

**Financiamento:**

Concepto	Denominación	Importes
870.10	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos con financiamento afectado	6.195.754,64 €

3) Realizar as anotacións contables precisas para o cambio de financiamento dos remanentes de crédito de 2013 incorporados a 2014 polo importe de 6.272.970,80 €.

4) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas".

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados D<sup>a</sup>. Elena Candia López, D. José Pardo Lombao e D. José Manel Yanes Ginzo, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ó Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13; abstencións, 12. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Presidente, coa reserva do establecido no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en Lugo a trinta de xuño de dous mil catorce.

V<sup>o</sup>. e Prace  
“O PRESIDENTE  
P.D. Decreto n<sup>o</sup> 154, de data 24-06-2014  
O DEPUTADO PROVINCIAL,  
Asdo: *Alvaro Santos Ramos*”







## DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

### 1. Proposta sobre o destino do superávit orzamentario 2013, e modificación do orzamento desta Deputación 2014, vía suplemento de crédito.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención de D<sup>a</sup> Elena Candia López, D. José Pardo Lombao e D. José Manuel Yanes Ginzo representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ó Pleno para a súa aprobación, se procede.

Pazo Provincial de Lugo, a 19 de xuño de 2.014

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

PLENO


Sesión do día 24 JUN. 2014

CÚMPRASE:

COPIA ORIGINAL  
FD. Decreto nº 228/2012, de 19-07-2012  
AAVV/340/5019/ACTA.

Ando: Juan Míguez López

APROBADO:  
O SECRETARIO



– Proposta sobre o destino do superávit orzamentario 2013 e modificación do Orzamento da Deputación 2014, vía Suplemento de crédito

(Pleno xuño 2014)



## INFORME DE INTERVENCIÓN

**ASUNTO:** DESTINO DO SUPERAVIT ORZAMENTARIO 2013.

### ANTECEDENTES

---

Logo de finalizar o proceso de liquidación de orzamentos e formación de contas anuais do ano 2013, e segundo informe de intervención de acompañamento a Conta Xeral desta Deputación de data 9 de maio de 2014, obtense o seguinte resultado de capacidade de financiamento en termos de estabilidade orzamentaria (aplicando os axustes SEC-95):

- Deputación de Lugo ..... 12.799.359,92 €
- Consorcio de Bombeiros ..... -346.872,67 €
- SUPLUSA ..... 2.369.908,57 €
- Fundación TIC ..... 230.184,47 €

TOTAL a nivel consolidado ..... 15.052.580,29 €

A sociedade urbanística provincial de Lugo (SUPLUSA) acordou amortizar anticipadamente 2.369.908,57 €.

O Consorcio de Bombeiros e a Fundación TIC non teñen débeda pública.

A Deputación de Lugo, tendo en conta a amortización anticipada de SUPLUSA e unha vez descontado o saldo da conta 413 “acreedores pendentes de aplicar ao orzamento” ascendente a 213.946,28 €, ten que destinar 12.468.725,44 € a cumprir os fins do artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, de 27 do abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, é dicir, redución do nivel de endebedamento neto ou a investimentos financeiramente sostibles si así o acorda a Entidade e si se cumpren as condicións legalmente establecidas.

### NORMATIVA DE APLICACIÓN

---

Lei 2/2012, de 27 do abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante LOE),

Lei Orgánica 9/2013, de 20 do decembro, de control da débeda comercial no sector público, (en adiante LCDCSP),

Rd.Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, (en adiante TRLRFL)

Rd. Lei 2/2014, de 21 do febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e a costa cantábrica.



## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O artigo 32 da LOE “Destino do superávit orzamentario”, na redacción dada polo apartado 11 do artigo primeiro da LCDCSP, dispón “o superávit se destinará a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento si este fose inferior ó importe do superávit”. O prazo para facer efectiva a amortización remata o 31 de decembro de 2014.

A estes efectos enténdese por superávit a capacidade de financiamento, segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública a efectos do procedemento do déficit excesivo tal e como se define na normativa europea.

A disposición adicional sexta da LOE, “regras especiais para o destino do superávit orzamentario”, introducida pola LCDCSP regula a posibilidade de destinar o citado superávit a financiar inversións financeiramente sostibles cando:

- 1) Na entidade local concorran as dúas circunstancias seguintes:
  - a) Cumpran ou non superen os límites fixados polo TRLRFL en materia de autorización de operacións de endebedamento.
  - b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente, superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais.

Na Deputación de Lugo concorren as dúas circunstancias anteriores.

- 2) No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, terase en conta:
  - a) Destinar o superávit a atender as obrigas pendentes de aplicar á orzamento, conta 413 “acreedores por operacións pendentes de aplicar á orzamento”
  - b) Destinar o mínimo a amortizar operacións de endebedamento que estean viventes, para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no exercicio 2014.
  - c) Si cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores, a Corporación tivera saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a investimentos sempre que ao largo da vida útil da inversión esta sexa financeiramente sostible.

Ademais será necesario que o período medio de pago a provedores da Corporación Local, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa de morosidade.

A disposición adicional decimo sexta do TRLRFL, introducida polo RD lei 2/2014, de 21 de febreiro, na disposición final primeira, establece os requisitos seguintes para que un investimento sexa financeiramente sostible:

- 1) Que a Entidade Local se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Ademais deberá ter reflexo orzamentario nalgún dos grupos de programas que se reflecten na disposición. Si o investimento en su conxunto supera os 10 millóns de euros e supón aumento dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos, vinculado aos proxectos de investimento, requirirá autorización previa da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, do MFAP.



- 2) Exclúe os investimentos cunha vida útil inferior a 5 anos, e a adquisición de mobiliario, aparellos e vehículos agás que se destinen á prestación do servizo público de transporte.
- 3) O gasto deberá imputarse no caso das Deputacións Provinciais nos capítulos 6 e 7 do estado de gastos. Cando se asignen a concellos, (capítulo 7), estes deberán cumprir o seguinte:
  - Cumprir co previsto na disposición adicional sexta da LOE.
  - Ou ben, se non cumpren, que o investimento non leve consigo gastos de mantemento e así quede acreditado no seu Plan Económico Financeiro aprobado.
- 4) Que o investimento permita durante a súa execución, mantemento e liquidación, dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública pola Corporación Local. A tal fin se valorará, o gasto de mantemento, os ingresos ou redución de gastos durante a súa vida útil.
- 5) O inicio do expediente de gasto e o recoñecemento das obrigas derivadas do investimento, deberase realizar antes de rematar o exercicio. Non obstante, se non pode executarse integramente en 2014, a parte restante do gasto comprometido en 2014 poderá recoñecerse en 2015, financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2014, quedando afectado a ese fin e a Corporación non poderá incorrer en déficit ao final de 2015.
- 6) O expediente de gasto incorporará unha memoria económica específica, cos efectos orzamentarios e económicos que poderán derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil. Informarase polo órgano interventor da Corporación Local.

Anualmente, xunto ca liquidación do orzamento, darase conta ao Pleno do grado de cumprimento dos criterios previstos nos apartados anteriores e farase público no seu portal web
- 7) Si o informe do interventor do apartado anterior fora desfavorable, o remitirá ao órgano competente da Admón. Pública que teña atribuída a tutela financeira da Corporación Local.
- 8) O interventor da Corporación Local informará ao MFAP dos investimentos executados en aplicación do previsto nesta disposición adicional decimo sexta do TRLRFL.

## VERIFICACIÓN

---

- 1) A débeda pública a 31.12.2013 é de 37.827.469,80 €, que representa o 49,09 % sobre os dereitos liquidados por operación correntes na liquidación de 2012 a nivel consolidado de 77.054.705,00 €, polo tanto, inferior ao 110%, límite do TRLRFL.
- 2) Superávit consolidado (en termos SEC) ..... 15.052.580,29 €  
Remanente de Tesourería para gastos xerais a 31-12-2014..... 43.627.270,61 €  
Polo tanto, superávit e remanente positivo.  
Conta 413 “acretores pendentes de aplicar ao orzamento” ..... -213.946,28 €  
Amortización anticipada de SUPLUSA ..... -2.369.908,57 €



Diferenza positiva a aplicar polo artigo 32 ..... 12.468.725,44 €

- 3) O cálculo do superávit consolidado ou capacidade de financiamento estimado a 31 de decembro de 2014 é de 12.048.671,91 €, segundo informe emitido ao MFAP de data 07 de maio, de execución do primeiro trimestre de 2014 e previsións a 31 de decembro de 2014.

Polo tanto, a cantidade mínima a destinar para redución de endebedamento neto pola Deputación de Lugo é de 420.053,53 €.

- 4) A cuantificación máxima do saldo que se pode destinar a investimentos financeiramente sostibles ven determinada pola diferenza dos puntos 2 e 3 anteriores, 12.048.671,91 €.

- 5) O período medio de pago a provedores a 31.12.2013 é de:

- Deputación de Lugo ..... 8,81 días
- Consorcio de Bombeiros ..... 24,58 días
- SUPLUSA ..... 30,25 días
- Fundación TIC ..... 14,37 días

Polo tanto, inferior aos 30 días establecido na disposición adicional quinta da LOE.

- 6) A Deputación atópase ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

- 7) Os investimentos a executar na anualidade 2014-2015 que se presentan para incluír como investimentos financeiramente sostibles son:

- “2ª fase de execución do Centro de Recría na Granxa Gaioso Castro”, polo importe de 4.221.392,23 €, dos cales 2.639.889,48 € están incorporados ao orzamento 2014.
- “Acondicionamento de edificio para sede do Centro Asociado da UNED”, polo importe de 1.591.915,32 €, estando incorporados ao orzamento 2014 na súa totalidade.
- “Proxecto modificado del de Carrizal-Moncelos. (P.K. 0,000-4,000)” polo importe de 645.669,64 €, estando incorporado ao orzamento 2014 na súa totalidade.
- “Proxecto modificado nº1 Marco de Álvarez-As Rodrigas, PK 0,000-5,800. Terminación”, polo importe de 515.290,58 €, estando incorporado ao orzamento 2014 na súa totalidade.
- “Terminación enlace LU-P-3003 con LU 640 en PK 55”, polo importe de 45.927,53 €, estando incorporado ao orzamento 2014 na súa totalidade.
- “Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos. Rede viaria provincial 2013: As Nogais-Torés-Armesto Fase 1, e Acondicionamento e afirmado da LU-P-2703, de A Pobra de San Xiao a Carracedo”, polo importe de 834.278,25 €, estando incorporados ao orzamento 2014 na súa totalidade.
- “Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos. Rede viaria provincial 2014: As Nogais-Torés-Armesto. Afirmado, e Afirmado de las LU-P-4606 de Rioxoán, por Boel, Chao de Pousadoiro y Carballido, a Asturias, P.K. 11,000 al 13,500 y LU-P-



5401 de Boel, poe Martín, a la Cª de Meira a Cádavo, en Muiña, P.K. 0,000 al 0,650", polo importe de 822.453,95 €.

- Anualidade 2014 de "Obras de conservación ordinaria da Rede Viaria Provincial nas Zonas 1 a 8" polo importe de 1.412.930,08 €.

O total dos investimentos financeiramente sostibles é de 10.089.857,58 €.

Teñen dotación orzamentaria incluída nos grupos de programa 412, 933 e 453, e na clasificación económica no capítulo 6º, polo tanto, están dentro dos comprendidos na disposición adicional decimo sexta do TRLRFL.

- 8) Os investimentos anteriores teñen unha vida útil superior a cinco anos.
- 9) Os anteriores proxectos prevense executar antes de fin do exercicio 2014, en caso contrario, se poden rematar no 2015 incorporando os remanentes, sendo necesario estimar que non se incorre en inestabilidade orzamentaria a finais do 2015.
- 10) Memoria Económica.

As memorias económicas que acompañan aos proxectos conteñen a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que se espera produzan os investimentos no horizonte da súa vida útil, cun mínimo de cinco anos.

En canto a valoración dos gastos de mantemento que requiren os investimentos unha vez realizados, os posibles ingresos ou redución de gastos que producen, e tendo en conta as incertezas de valorar sobre momentos futuros, das memorias se desprende que durante a vida útil, estes investimentos permitirán dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública.

Consecuentemente, considéranse consistentes e soportadas sobre proxeccións orzamentarias razoables.

## CONCLUSIÓNS

Cúmprense as consideracións establecidas na normativa para poder utilizar o superávit orzamentario consolidado e financiar como investimentos financeiramente sostibles os proxectos presentados a tal fin.

En consecuencia, deberá efectuarse a modificación orzamentaria, vía suplemento de crédito, para dar cobertura tanto a amortización anticipada polo importe de 2.378.867,86 € como ao cambio de financiamento dos proxectos incluídos no orzamento 2014 polo importe de 3.816.886,78 € e as anotacións contables para cambio de financiamento dos remanentes de crédito de 2013 incorporados a 2014 polo importe de 6.272.970,80 €.

Lugo, 13 de xuño de 2014

A interventora xeral

Rosa Abelleira Fernández



## Informe de Intervención

---

### Asunto: Proposta sobre o destino do superávit orzamentario 2013 e modificación do Orzamento da Deputación 2014, vía Suplemento de Crédito

Logo de ver o informe de Intervención do 13.06.2014, sobre a aplicación do superávit orzamentario 2013 procede efectuar a modificación orzamentaria para dar cobertura á amortización anticipada de 2.378.867,86 € e ao cambio de financiamento dos proxectos incluídos no orzamento 2014 considerados investimentos financeiramente sostibles, que son os seguintes:

- “2ª fase de execución do Centro de Recría na Granxa Gaioso Castro”, polo importe de 1.581.502,75 €.
- “Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos. Rede viaria provincial 2014: As Nogais–Torés–Armesto. Afirmado, e Afirmado de las LU–P–4606 de Rioxoán, por Boel, Chao de Pousadoiro y Carballido, a Asturias, P.K. 11,000 al 13,500 y LU–P–5401 de Boel, poe Martín, a la Cª de Meira a Cádavo, en Muiña, P.K. 0,000 al 0,650”, polo importe de 822.453,95 €.
- Anualidade 2014 de “Obras de conservación ordinaria da Rede Viaria Provincial nas Zonas 1 a 8” polo importe de 1.412.930,08 €.

Emítase o seguinte **INFORME**:

1.) Para dotar o crédito necesario nas aplicacións orzamentarias precisas para a execución das actuacións anteriores, procede a seguinte modificación de crédito consistente en:



**Suplemento de Crédito:**

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
0110.913	Débeda Pública, Amort. de prést. a longo prazo de entes de fora do sector público	2.378.867,86 €
4120.622	Granxa Provincial "Gayoso Castro", Investimento novo en Edifícios e outras construcións	1.581.502,75 €
4530.619	Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral	1.412.930,08 €
4531.65000	Plan de Obras e Servizos, Plan de Obras e Servizos (P.O.S. 2014)	822.453,95 €

**2.) Polo exposto, a que subscribe informa:**

- a). O artigo 177 do R.d. legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLRFL), os artigos 35 a 38 do R.d. 500/90, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo 1º do título VI da Lei reguladora das facendas locais en materia de orzamentos (en adiante R.d. 500/90) e a base nº6 de execución do Orzamento Xeral 2014, regulan as modificacións de crédito, mediante as cales se asigna crédito (consignación orzamentaria) para a realización dun gasto específico e determinado que non se pode demorar ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito ou o existente é insuficiente.
- b). Segundo a normativa anterior, o gasto poderase financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos ou maiores ingresos recadados sobre dos totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións orzamentarias do orzamento vixentes non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbacións do respectivo servizo. Se o gasto se refire a un investimento, pódese financiar con recursos procedentes de operacións de crédito.
- c). A nova normativa en materia de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira ven establecida pola Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril (en adiante LOE), que entrou en vigor o 1 de maio e deroga expresamente o



texto refundido aprobado polo R. d. lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, sendo de aplicación o R. d. 1463/2007, de 2 de novembro (en adiante REO), polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais, en todo no que non se opoña ao previsto na LOE.

O artigo 16 do REO require informe da intervención local sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade que se incorporará ao previsto (entre outros) no artigo 177.2 do TRLRFL, referido á aprobación da modificación orzamentaria mediante créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

O orzamento xeral 2014 cumpriu coa estabilidade orzamentaria no momento da súa aprobación, e a liquidación do orzamento 2013 cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e regra de gastos, segundo o informe de Intervención unido á Conta Xeral de 2013 coa data de 9 de maio do 2014.

Por outra banda, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en resposta a consultas da normativa de orzamentos das EELL, manifesta que as modificacións deben aprobarse dando cumprimento ás normas orzamentarias contidas no TRLRFL e ao RD500/90, podendo valorarse o cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto de forma trimestral coincidindo coa obriga de remitir tal información no marco da Orde 2105/2012, do 1 de outubro.

d). Segundo a regulación do citado expediente é necesario a seguinte tramitación:

1º. Serán incoados por orde do Presidente da Corporación.

2º. A proposta deberase acompañar dunha Memoria xustificativa da necesidade da medida que deberá precisar:

- A clase de modificación a realizar.
- Aplicacións orzamentarias ás que afecta.
- Medidas e recursos que a financian, e acreditar:

Carácter específico e determinado do gasto a realizar, e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

A inexistencia ou insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica.



3º. A proposta de modificación, previo informe da Intervención, será sometida ao Pleno da Deputación, e rexerán os mesmos trámites e requisitos que para os orzamentos.

3.) O órgano competente para a aprobación inicial da citada modificación é o Pleno da Excma. Deputación segundo o artigo 33.2.c) da Lei 7/85 e o artigo 177.2 do TRLRFL.

Lugo, a 16 de xuño de 2014.

A INTERVENTORA,

Rosa Abelleira Fernández



## Incoación

---

Pola presente, ordenase a **incoación** do expediente de modificación orzamentaria para dar cobertura á amortización anticipada e ao cambio de financiamento dos proxectos incluídos no orzamento 2014 considerados investimentos financeiramente sostibles aos que se aplica o superávit orzamentario 2013 que se poñen de manifesto nos documentos adxuntos.

Lugo, a 16 de xuño de 2014.

O PRESIDENTE

*"O PRESIDENTE/  
P.D. Decreto n° 2228/2012, de 18-07-2012  
A VICEPRESIDENTA,*

*Asdo: Lara Méndez López"*

José Ramón Gómez Besteiro



## Memoria

---

Visto informe de Intervención do 16 de xuño do ano en curso, confecciónase a presente memoria, xustificativa da **modificación orzamentaria de suplemento de crédito, no Orzamento da Deputación para 2014.**

A consignación orzamentaria efectúase para dar cobertura á amortización anticipada e ao cambio de financiamento dos proxectos incluídos no orzamento 2014 considerados investimentos financeiramente sostibles nas aplicacións orzamentarias e polos importes que se reflicten no informe da Intervención anteriormente citado.

A xustificación da imposibilidade de demorar a execución ata o ano seguinte ven reflectida na urxencia para poder aplicar o establecido no artigo 32 e Disposición adicional sexta da Lei 2/2012, de 27 do abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (en adiante LOE), e disposición adicional decimo sexta do TRLRFL.

En resumo, a modificación consiste en:

### Suplemento de Crédito:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
0110.913	Débeda Pública, Amort. de prést. a longo prazo de entes de fora do sector público	2.378.867,86 €
4120.622	Granxa Provincial "Gayoso Castro", Investimento novo en Edifícios e outras construcións	1.581.502,75 €
4530.619	Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral	1.412.930,08 €
4531.65000	Plan de Obras e Servizos, Plan de Obras e Servizos (P.O.S. 2014)	822.453,95 €

**Financiamento:**

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
870.10	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos con financiamento afectado	6.195.754,64 €

Lugo, a 16 de xullo de 2014.

O PRESIDENTE,

*"O PRESIDENTE*  
*P.D. Decreto n° 2228/2012, de 18-07-2012*  
*A VICEPRESIDENTA,*

José Ramón Gómez Besteiro  
*Asdo: Lara Méndez López"*



## Proposta

---

### Asunto: Proposta sobre o destino do superávit orzamentario 2013 e modificación do Orzamento da Deputación 2014, vía Suplemento de Crédito

Vistos os informes de Intervención de 13 e 16 de xuño sobre a aplicación do superávit orzamentario 2013 e a modificación orzamentaria necesaria para dar cobertura, tanto a amortización anticipada polo importe de 2.378.867,86 €, como ao cambio de financiamento dos proxectos considerados investimentos financeiramente sostibles incluídos no orzamento 2014 polo importe de 3.816.886,78 €, todo iso para poder aplicar as esixencias legais reflectidas no artigo 32 e disposición adicional sexta da LOE e disposición adicional decimo sexta do TRLRFL, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta e demais documentos que figuran no expediente, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1) Destinar o superávit orzamentario 2013 de 12.468.725,44 € a reducir o endebedamento neto en 2.378.867,86 € e a financiar os investimentos considerados financeiramente sostibles polo importe de 10.089.857,58 €, co seguinte detalle:

- "2ª fase de execución do Centro de Recría na Granxa Gaioso Castro", polo importe de 4.221.392,23 €, dos cales 2.639.889,48 € están incorporados ao orzamento 2014.

- "Acondicionamento de edificio para sede do Centro Asociado da UNED", polo importe de 1.591.915,32 €, estando incorporados ao orzamento 2014 na súa totalidade.

- "Proxecto modificado del de Carrizal-Moncelos. (P.K. 0,000-4,000)" polo importe de 645.669,64 €, estando incorporado ao orzamento 2014 na súa totalidade.



- "Proxecto modificado nº1 Marco de Álvare-As Rodrigas, PK 0,000-5,800. Terminación", polo importe de 515.290,58 €, estando incorporado ao orzamento 2014 na súa totalidade.
- "Terminación enlace LU-P-3003 con LU 640 en PK 55", polo importe de 45.927,53 €, estando incorporado ao orzamento 2014 na súa totalidade.
- "Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos. Rede viaria provincial 2013: As Nogais-Torés-Armesto Fase 1, e Acondicionamento e afirmado da LU-P-2703, de A Pobra de San Xiao a Carracedo", polo importe de 834.278,25 €, estando incorporados ao orzamento 2014 na súa totalidade.
- "Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos. Rede viaria provincial 2014: As Nogais-Torés-Armesto. Afirmado, e Afirmado de las LU-P-4606 de Rioxoán, por Boel, Chao de Pousadoiro y Carballido, a Asturias, P.K. 11,000 al 13,500 y LU-P-5401 de Boel, poe Martín, a la Cª de Meira a Cádavo, en Muiña, P.K. 0,000 al 0,650", polo importe de 822.453,95 €.
- Anualidade 2014 de "Obras de conservación ordinaria da Rede Viaria Provincial nas Zonas 1 a 8" polo importe de 1.412.930,08 €.

2) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito co seguinte detalle:

#### Suplemento de Crédito:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
0110.913	Débeda Pública, Amort. de prést. a longo prazo de entes de fora do sector público	2.378.867,86 €
4120.622	Granxa Provincial "Gayoso Castro", Investimento novo en Edificios e outras construcións	1.581.502,75 €
4530.619	Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral	1.412.930,08 €
4531.65000	Plan de Obras e Servizos, Plan de Obras e Servizos (P.O.S. 2014)	822.453,95 €



**Financiamento:**

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
870.10	Remanente Líquido de Tesourería para Gas- tos con financiamento afectado	6.195.754,64 €

3) Realizar as anotacións contables precisas para o cambio de financiamento dos remanentes de crédito de 2013 incorporados a 2014 polo importe de 6.272.970,80 €.

4) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolverlas.

Lugo, a 16 de xuño de 2014.

O PRESIDENTE,

*"O PRESIDENTE  
R.D. Decreto n° 2228/2012, de 18-07-2012  
A VICEPRESIDENTA,*

*Asído: Lara Méndez López"*

José Ramón Gómez Besteiro



## Informe de Intervención

---

**Asunto:** Proposta sobre o destino do superávit orzamentario 2013 e modificación do Orzamento da Deputación 2014, vía Suplemento de Crédito.

Vista proposta de modificación, memorias, informes que anteceden e demais documentación do expediente, emítase o seguinte informe:

En relación á modificación proposta de suplemento de crédito, a lexislación aplicable é a contida no artigo 177 do TRLRFL, os artigos 35 a 38 do R.d. 500/90, do 20 de abril, a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, o REO, e a base nº6 de execución do Orzamento Xeral 2014. Ao parecer da que subscribe, a proposta de modificación axústase a ditas normas.

Lugo, a 16 de xuño de 2014,  
A INTERVENTORA,

Rosa Abelleira Fernández